

## Uso avanzado do buscador Google



Ao teclear [www.google.es](http://www.google.es) na barra de direccións do noso navegador, ábrese a páxina principal de Google que podemos ver a continuación:



**Mostrar resultados**

- con todas las palabras (1)
- con la frase exacta (2)
- con alguna de las palabras (3)
- sin las palabras (4)

**Idioma** cualquier idioma (5)

**Región** cualquier región (6)

**Formato de archivo** cualquier formato (7)

**Fecha** en cualquier momento (8)

**Presencia** en cualquier parte de la página (9)

**Derechos de uso** sin filtrar por licencia (11)

**SafeSearch** Sin filtro (12)

**Búsqueda relativa a una página** (13)

**Similares** Encontrar páginas similares a la página

**Enlaces** Encontrar páginas con enlaces a la página

**Búsquedas relativas a un tema**

¡Nuevo! [Google Code Search](#) - Búsqueda de código fuente público

©2010 Google


① Mostrar resultados “con todas las palabras”: é a busca normal equivalente á que Google realiza dende a páxina principal, buscaranse as páxinas que teñan todas as palabras que introducimos no campo do formulario.

**Mostrar resultados**

- con todas las palabras (sistema solar)
- con la frase exacta
- con alguna de las palabras
- sin las palabras

Se introducimos as palabras **sistema solar**, Google buscará páxinas que conteñan as palabras "sistema" e "solar".

② Mostrar resultados **"con la frase exacta"**: Google mostrará páxinas que conteñan todas as palabras que introducimos na caixa de busca e na orde que as escribimos.




Se realizamos a busca cos termos "planetas del sistema solar" obteremos o seguinte resultado:



Nota: se na caixa de busca da páxina principal de Google escribimos as palabras encerrándoas entre comiñas, o resultado será o mesmo que se abrimos a busca avanzada e utilizamos o campo "coa frase exacta".

③ Mostrar resultados **"con alguna de las palabras"**: Google buscará páxinas con algunha das palabras que introducimos na caixa de busca.





Ao introducir as palabras "sistema solar", Google móstranos páxinas nas que aparece o termo "sistema" ou "solar", tal como se pode ver na captura da esquerda.

Podemos obter o mesmo resultado dende a páxina principal de Google utilizando o comando "OR" (ten que escribirse con maiúsculas), polo tanto teclearíamos a frase **sistema OR solar** na caixa de busca da páxina principal de Google.

④ Mostrar resultados **"sin las palabras"**: utilizaremos esta opción cando nos interese eliminar algunha ou algunhas palabras dos resultados da nosa busca.

[TIENDAS DE INFORMÁTICA BEEP. Franquicias de Informática](#)    
Tiendas de Informática BEEP. Cadena líder en franquicias de informática y tiendas de informática. Ofertas de ordenadores y promociones exclusivas en más de ...  
[www.beep.es/](#) - En caché - Similares


[CURSO DE INFORMÁTICA BÁSICA - Monografias.com](#)    
Breve historia del desarrollo del computador. El computador. Organización física del computador (hardware). El software. Sistema operativo Windows 98.  
[www.monografias.com](#) > Computacion > General - En caché - Similares

[Tiendas de informática para expertos PCBox](#)    
PCBox, tiendas de informática para expertos con cotización diaria de precios. Ordenador portátiles, ordenadores sobremesa, novedades informáticas, ...  
[www.pcbbox.com/](#) - En caché - Similares

Na captura da esquerda podemos ver algúns resultados da busca do termo **informática**, varios dos resultados refírense a tendas de informática, se non desexamos resultados nos que aparezan tendas, podemos utilizar o campo "sen as palabras" para especificar que non nos mostren páxinas de tendas de informática.

De novo podemos obter os mesmos resultados dende a páxina principal de Google engadindo o signo "-"diante das palabras que non desexamos que aparezan nos resultados da busca, é dicir, redactariámolo así: **informática -tenda**, sen espazo entre o guión curto e tenda.

- ⑤ Idioma. No desplegable podemos elixir o idioma en que se mostrarán os resultados.
- ⑥ Rexión. Podemos especificar a situación das páxinas de busca elixindo o país ou rexión no desplegable.



⑦ **Formato de archivo.** É unha das opcións de busca avanzada máis importantes, permite especificar o tipo de documentos que mostrará o buscador, por exemplo, se buscamos "planeta" e especificamos que o tipo de documento sexa ".ppt", Google só mostrará resultados de presentacións de PowerPoint. O mesmo poderíamos dicir se buscamos documentos PDF, documentos de Word, etc.

[PPT] [GRUPO PLANETA](#)    
Formato de archivo: Microsoft Powerpoint - Versión  
Los contenidos de **Planeta** fueron los primeros en estar en Internet y en la TV digital e interactiva. ...  
[apolo.uji.es/asignaturas/documentos/grupo\\_planet](#)

[PPT] [TEMA 5: IMPACTO AMBIENTAL. EL F](#)  
Formato de archivo: Microsoft Powerpoint - Versión  
Destrucción de los hábitats naturales: Los bosques almacenes de biodiversidad del **planeta**, están des  
[www.iesabastos.org/archivos/.../5.../5\\_impacto\\_am](#)


[PPT] [Presentación de PowerPoint](#)    
Formato de archivo: Microsoft Powerpoint - Versión  
70 Vir: un **planeta** 7 veces Júpiter alrededor de un **planeta** 2,5 veces Júpiter alrededor de otra estrella  
[www.iac.es/semanaciencia04/presentacioneslaura/](#)

Á esquerda podemos ver tres resultados da busca, todos son presentacións de PowerPoint.


Se non desexamos abrir a ventá de busca avanzada, podemos obter os mesmos resultados tecleando na páxina inicial de Google **planeta filetype:ppt**, non debe haber espazo entre os dous puntos e ppt. Lóxicamente podemos

especificar pdf, doc, swf, etc., para obter resultados nestes formatos.


⑧ **Fecha.** Podemos buscar páxinas especificando o tempo transcurrido dende a súa publicación.



⑨ **Presencia.** No despregable podemos indicar onde deben aparecer as palabras clave: no título da páxina, en calquera parte, etc.




⑩ **Dominios.** Moi útil para buscar só nunha web ou nun dominio. Exemplo: se buscamos "in vitro" e especificamos na caixa de busca "www.elpais.com", Google devolverá resultados de páxinas do diario "El País" nas que aparezan os termos "in vitro".



⑪ **Derechos de uso.** Permite buscar documentos que se poidan usar e compartir libremente, usar e compartir mesmo con fins comerciais, etc. É moi útil para saber se podemos facer obras derivadas, por exemplo, dunha presentación de PowerPoint.

⑫ **SafeSearch.** Se o activamos Google non mostrará páxinas con contido sexual explícito.

⑬ **Búsqueda relativa a una página:**



**Similares.** Se tecleamos na caixa de similares "www.elpais.com" obteremos unha resposta con páxinas de xornais.

**Enlaces.** Busca páxinas con enlaces á páxina que introducimos na caixa de busca. Se escribimos "www.edu.xunta.es", Google mostrará páxinas que conteñen enlaces á páxina "www.edu.xunta.es".



Uso avanzado do buscador Google by Manuel Rodríguez Aira is licensed under a [Creative Commons Reconocimiento-NoComercial-SinObraDerivada 3.0 Unported License](https://creativecommons.org/licenses/by-nc-nd/3.0/).